

Galicia exterior

Lóstregos de experiencia

PILAR PONTE

Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928), aos seus 80 anos segue a estar de moda. Este verá a editorial Xerais publicaba *Lóstregos* na súa colección "Crónica", unha iniciativa que vai camiño de chegar ao cento de obras, a estas alturas conta xa con oitenta e cinco volumes, que dan conta dos máis variados temas tanto da pasada historia galega como dos acontecementos máis recentes.

Coincidindo coas datas de publicación, ao autor concedíase o premio Manuel Reimón de Porta de apoio á lectura, convocado dende hai xa catroce anos pola Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. O de Vila de Cruces vén de recoller fachendoso o premio do "médico dos pobres", un home que fora o seu amigo e ao que lle dedica un dos textos que aparecen no volume.

E aínda máis recentemente, no mes de agosto, as empresas do Grupo Correo Gallego outórganlle o galardón "Galego de Agosto" ao autor

do libro máis vendido e traducido da historia da literatura galega, esas *Memorias dun neno labrego* que xa axiña van cumprir medio século de existencia.

Lóstregos ofrécenos os

cen textos publicados en forma de columna en *El Correo Gallego* polo autor. Son colaboracións de moi variada temática onde tanto podemos ler sobre a situación actual en Iraq ou a

fame no mundo, como homenaxes a Xaime Quessada ou Paul Newman cando finaron, ou tamén outros que dan conta da súa preocupación pola saúde do planeta ao falar dos biocombustibles ou da Amazonia.

Con todo, hai un tema, que son moitos a un tempo, que sobrancea sobre os demais, a Galicia exterior. Os seus 31 anos de permanencia na illa caribeña convérteno nunha testemuña de excepción da Galicia alén do mar, desa Galicia poboada por inmigrantes e exiliados políticos

que atoparon na outra beira o medre económico e a liberdade que o país non lles ofrecía e tamén destouta que permanece alí. Estes lóstregos de Neira Vilas en moitas ocasións veñen iluminar momentos desa longa noite de pedra máis tamén a noite do desconecemento do mundo galego en América, e así tanto nos fala das sete mil persoas que en 1939 asistiron a un mitin de Castelao en Cienfuegos como das actividades máis recentes da cátedra galega en Cuba.

En canto ao estilo da obra, como xa tamén sinalara o xurado do certame estradense, salienta tanto na súa sinxeleza narrativa como no enfoque positivo dos temas. O de Gres, consciente das particularidades do xénero xomalistico destinado a chegar ao lector medio, consegue unha comunicación laxeira co seu público lector que algunhas ocasións mesmo nos achega ao ambiente cálido do conto popular.

O dito, Neira Vilas está de moda e creo que non deberían deixar escapar a oportunidade de gozar destes lóstregos de experiencia.

NEIRA VILAS, Xosé,
Lóstregos, Ed. Xerais, Vigo,
2009, PVP 17€

